

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN
EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 11 DE AGOSTO DE 2014.**

Presidente:

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.

Concelleiros:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO.

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

D^a. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ.

Secretaria accidental:

D^a. FÁTIMA CORTIZO SEIJAS.

Interventora accidental:

D^a. M^a CARMEN MÉIJOME ÁLVAREZ.


**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA N^o 32 DA SESIÓN
CELEBRADA O DÍA 1 DE AGOSTO DE 2014.**

Acordouse aprobar a acta N^o 32, de 1 de agosto de 2014, e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.-LICENZAS DE OBRAS.

2.1.- Acordouse conceder licenza de obra para Planta satélite de gas natural licuado e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras.

2.2.- Acordouse conceder licenza de obra para a construción dun edificio de planta



Secretaría Xeral

soto, planta baixa, 3 plantas altas e baixo cuberta para 5 vivendas e trasteiros, sito na Av. Monte Faro, nº21, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras.

3.- LICENZA DE ACTIVIDADE.

3.1.- Acordouse conceder licenza de actividade en ampliación de explotación libre de vacún de leite na parcela ubicada no lugar de Pontenoufe, parroquia de A Xesta.

4.- EFICACIA DE COMUNICACIÓN PREVIA.

4.1.- Acordouse a eficacia da comunicación previa en relación á execución da obra denominada “Rede de distribución para subministro de gas natural en Lalín”, e desestimar as alegacións formuladas ao expediente.

5.- INFORMES PREVIOS.

5.1.- Acordouse aprobar o informe Técnico Municipal en relación á licenza de obra para Reforma de nave para elaboración de xeados e postres xeados, situada nunha parcela sita no lugar de Cardexía nº5, parroquia de Filgueira, de Lalín, e remitir o expediente completo ao Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Turismo e Ordenación Universitaria.

5.2.- Acordouse aprobar o informe do Enxeñeiro Técnico Municipal en relación á realización dunha obra consistente en “Cerramento de Parcela”, sita na parroquia de Vilatuxe, e remitir o expediente completo ao Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Turismo e Ordenación Universitaria.

5.3.- Acordouse aprobar o informe do Enxeñeiro Técnico Municipal en relación á concesión dun caudal de auga, procedente dun manantial en Fontao, parroquia de Goiás e notificar o acordo a Augas de Galicia e ao solicitante.

6.- INFORMES URBANÍSTICOS.-

6.1.- Acordouse aprobar o informe emitido polo Enxeñeiro Técnico Municipal en relación á solicitude de certificado de existencia ou non de abastecemento municipal de auga no Lugar de Porto do Carrio- parroquia de Losón.

7.- ALTAS EN AUGA E SANAMENTO.-



Acordouse autorizar varias solicitudes de acometida á rede de abastecemento de auga e saneamento e altas de contador, así como a formalización dos correspondentes contratos.

8.-FACTURAS E CONTAS.-

8.1.- Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente, acordouse aprobar e declarar de abono facturas por importe total de 96.017,70 €.

9.-PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.-

9.1.- Acordouse solicitar unha subvención para a prórroga da axente de emprego e desenvolvemento local do Concello.

9.2.- Acordouse aprobar as bases para a concesión de bolsas complementarias ao estudo. Curso 2014/2015 e autorizar gasto por importe de 8.000 €.

9.3.- Acordouse a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía número 07/2014.


9.4.- Acordouse aprobar e ordenar que se poña ó cobro o padrón fiscal das taxas por abastecemento de auga e de sumidoiros correspondente ao segundo trimestre de 2014.


9.5.- Acordouse recoñecer a obriga correspondente á dotación económica para os grupos políticos municipais conforme á Base 24 da Execución do Presuposto Xeral para o exercicio 2014.

9.6.- Acordouse aprobar os Convenios de Colaboración entre o Concello de Lalín e as empresas Castromil, S.A. e Gómez de Castro,S.A. para a execución do transporte universitario durante o curso académico 2014/2015.

9.7.-Acordouse contratar coa empresa Imprenta Librería Alvarellos, S.L. a celebración dun contrato menor de servizos para a edición dun libro monográfico sobre o Plan Xeral de Ordenación Municipal.

9.8.- Acordouse contratar coa empresa MAQUINARIA AUTOMÁTICA COMERCIAL, S.L. (ROCFIT) a celebración dun contrato menor de subministros para a adquisición de 3 bicicletas X-Bike 1000.





Lalínmcero




Concello de Lalín


Secretaría Xeral

9.9.- Acordouse aprobar varias altas, baixas e ampliacións horarias no SAF para persoas en situación de dependencia.

9.10.- Acordouse aprobar as bases reguladoras das bonificacións ao transporte universitario de estudantes para o curso 2014 – 2015.

=====





Lalínmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

L

K

M

O